

As Letras Galegas xa están de festa na Costa da Morte

Patricia Blanco

CARBALLO/LA VOZ. O de onte foi un día intenso en canto aos actos arredor dos libros e da cultura galega, sobre todo na capital de Bergantiños e tamén en Coristanco. Na primeira localidade, comezaron os actos fortes da Semana do Libro e a Lectura, organizada dende o Concello e a ASPG, en colaboración con outras entidades.

Pola mañá, ademais das exposicións permanentes que se poden ver no andar máis alto do Pazo de Cultura e das que os rapaces gozaron, a compañía Casahamlet representou diante dos nenos de primeiro de primaria e do CRA Ponte da Pedra o seu espectáculo *As formigas*. Hoxe, Pinto d'Herbón e Luís o Caruncho ofrecerán un taller de regueifa para os rapaces de quinto curso.

O escritor Isidro Novo recollerá tamén esta tarde o legado de María Canosa, quen onte foi a encargada de inaugurar, por outra banda, as actividades para o profesorado. E aínda non remata aí a cousa, porque na xor-

nada de onte tamén houbo contacontos con Fátima Fernández, quen será substituída hoxe por Pablo Sánchez.

Por outra banda, tamén en Carballo, o instituto Monte Neme celebrou unha actividade cun protagonista de excepción: o actor, director teatral e contacontos Cándido Pazó pasou polo centro para exercer nesta última faceta. Aínda non rematan aí as iniciativas deste instituto, posto que o venres terán a Vaamonde Manteiga para falar da zanfona.

En Coristanco, o colexio Alcalde Xosé Pichel continúa coa súa Semana cultural dedicada ás Letras Galegas, hoxe con experimentos científicos, matemáticas divertidas, inmersión na presenza do cómic no cine, xogos tradicionais e tamén obradoiro de poesía.

No Concello de Zas, o sábado houbo teatro co grupo Feminino Plural do instituto Maximino Romero de Lema e, onte, inaugurouse a exposición SOSTendo, obradoiros fronte ao cambio climático, que estará ata o 17.



A escritora ceense e colaboradora de La Voz María Canosa ofreceu en Carballo un obradoiro de literatura dirixido aos profesores | JOSÉ MANUEL CASAL